



ACTA DE CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2018

Na cidade da Coruña, na sede do Consello Escolar, sito na rúa Orzán, 21, sendo as 17:30 horas do día 13 de decembro de 2018, reúnese en sesión ordinaria o Consello Escolar Municipal (CEM) coa asistencia dos seguintes membros:

PRESIDENTA: Silvia Cameán Calvete. Concelleira de Xustiza Social e Coidados

SECRETARIO: Belisario Sixto San José. Xefe de Servizo de Educación

CONSELLEIROS/AS:

- Susana Aldao Linares (Directora da EOI da Coruña)
- Jesús Javier Celemín Santos (Director CEIP Rosalía de Castro e Pte Asoc.Prov.de Directores de centros públicos da Coruña)
- Alfonso García Sanmartín (Director do Fogar de Santa e Pte. Da CECE-Galicia)
- M^a Luisa Varela Insua (Presidenta da Fed. De AAVV da Coruña e Área Metropolitana)
- Luis Villaverde López (Catedrático de ensino secundario)
- Celestino Pérez Recarey (Experto. Exdirector do CEFORE)
- Javier Rouco Ferreiro (Membro da Nova Escola Galega)
- Héctor Pose Porte (Profesor universitario)
- M^a José Otero Vaamonde (Secretaria da Fed. ANPAs centros públicos)
- Silvia Seoane Sánchez (vogal da Xunta directiva da Fed. ANPAs centros públicos)
- Ignacio Louro Ojea (Presidente Fed. ANPAs centros privados-concertados)
- Mercedes Queixas Zas (CIG)
- M^a Couso Pita (CCOO)
- Jaime Mañá Castro (FSIE)
- Rosa M^a Urbano Rey (ANPE)

Non asisten:

- Fermín Álvarez Lata (Xefe do Servizo Territorial de Inspección da Coruña)
- Alejandra Fuentes Vieites (Directora da EIM Arela)
- Isabel Piñeiro Cabado (membro da AS-PG)
- Dores Blanco Sanguñedo (Pta. Da Fed. ANPAs centros públicos)
- Ana Isabel Sanclaudio Luhía (Fed. ANPAs centros públicos)
- M^a Victoria Vega Rodríguez (Secretaria Fed. ANPAs centros privados-concertados)
- M^a Dores Fernández López (CIG)
- Guillermo Saavedra Sánchez (CCOO)
- Enrique Martínez Mato (FSIE)
- Raquel Méndez Fernández (FETE UGT)
- Paula Gómez del Valle y Gómez (STEG)

A presidenta dálles a benvinda aos asistentes e comeza coa exposición da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA ANTERIOR (DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2018)

Apróbase por unanimidade



2.- INFORMACIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DAS EIM

A presidenta informa ao CEM o contido das modificacións máis salientábeis do Regulamento da Rede das Escolas Infantís Municipais que se están tramitando. Anima aos membros do consello á realización de achegas na fase de exposición pública do documento.

3.- PROPOSTA DE CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE TRABALLO SOBRE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A presidenta informa da constitución dunha comisión de traballo sobre actividades extraescolares que se porá en marcha para os efectos de redeseñar a proposta de actividades extraescolares que se ofertan desde o Concello. A intención é que nesta comisión estean representadas as ANPA, a FANPA, as direccións dos centros, o CEM e o Concello.

Dáse un prazo dunha semana para que os membros do CEM que estean interesados en participar na dita comisión llo comuniquen ao Servizo Municipal de Educación.

4.- INFORMACIÓN DA HOMENAXE A XABIER DOCAMPO

A presidenta informa da intención do grupo de goberno de propor que se lle dedique o nome dunha rúa a Xabier Docampo e a facer un acto institucional cando se inaugure.

Héctor Pose propón que se faga algo tamén no lugar onde vivía: colocación dunha placa, plantación dunha árbore...

A presidente considera que ambas accións son compatíbeis.

Alfonso García propón que se coordinen estes actos coa homenaxe que se lle fará no centro onde foi mestre.

Celestino Pérez recorda que no Concello de Cambre puxéronlle o seu nome a unha rúa.

5.- INFORMACIÓN SOBRE A XUNTANZA COA XUNTA DE GALICIA

A presidenta informa do resultado da xuntanza que tivo o alcalde co presidente da Xunta, na que se lle solicitou a delegación de competencias, en favor do Concello, das escolas infantís públicas da cidade. A petición baséase no feito de que a Administración local é a máis próxima á cidadanía.

6.- QUENDA ABERTA DE PALABRAS

María Otero Vaamonde pregunta sobre a posibilidade de crear un programa relativo ao peso das mochilas do alumnado por ser este excesivo.

Silvia Cameán agradece que se fagan propostas sobre esta cuestión.

Silvia Cameán comenta a situación do servizo de comedor do IES Elviña. Diante da decisión da Xunta de non continuar prestando o servizo no centro, o Concello cedulle ás familias un espazo no centro cívico. O alumnado que faga uso deste servizo de comedor poderá acceder ás bolsas de comedor se reúnen os requisitos para a súa concesión.



María José Pouso pregunta se a solución adoptada ao respecto do IES Elviña se vai levar a outros centros. Comenta a situación do IES Monte das Moas e da posibilidade de implantar esa opción no dito centro.

Silvia Cameán entende que hai que procurar unha solución para todos os centros, pero que a opción do centro cívico non se pode universalizar.

Ignacio Louro insiste na petición de axilizar as licenzas de obra dos CPR Calasanz e Esclavas.

Silvia Cameán indica que reiterará a petición.

María José Couso pregunta pola situación do proxecto do patio cuberto do CEIP San Francisco Xabier.

Silvia Cameán informa de que están pendentes de emisión dos informes que se lle pediron a Augas de Galicia e a Patrimonio da Xunta. Cando se reciban poderase aprobar o proxecto e comezar a licitación da obra.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións ás 18.15 horas no lugar e data *ut supra*.

A presidenta


Silvia Cameán Calvete
Terceira Tenente de Alcalde,
Área de Xustiza Social e Coidados.

O secretario


Belisario Sixto San José
Xefe do Servizo Municipal de Educación

